



O director da [Revista de Historia Murguía](#), Uxio Breogán Diéguez Cequiel, presentará no Instituto de Estudos Miñoranos o último exemplar da colección. Un [número duplo \(23-24\)](#)

onde se recolle un extenso traballo do director do IEM, Carlos Méixome, sobre os traballos de exhumación dos cadáveres dos veciños do Val Miñor soterrados na [fosa común de San Xián](#)

titulado "As fosas de San Xián. Un modelo de exhumación". Sobre este traballo falará o seu autor. O acto terá lugar o vindeiro venres 11 de maio ás 20:30 horas na Au Aula de Cultura Ponte de Rosas (Avda. da Feira 10, baixo, Gondomar).

No faladoiro, Uxio-Breogán Diéguez fará un percorrido pola historia desta publicación, nada en 2003, e que mantén un protocolo de colaboración coa Asociación Galega de Historiadores, entidade creada no ano 1991 no marco da Universidade de Santiago de Compostela e co-editora da publicación.

Os relatores serán presentados polo subdirector do IEM Xosé Lois Vilar Pedreira que dirixiu a escavación arqueolóxica de San Xián